



Datas do Concurso Xeral de Traslados

Solicitamos as datas de publicación das vacantes provisionais do CXT e da resolución provisional do mesmo.

Tamén preguntamos cando vai estar publicada a listaxe de instancias baremadas do CXT.

Prevén que se reúna a comisión de baremación de publicación en xaneiro. Non avanzan máis datas.

Prevención de condutas suicidas e autolesións do alumnado

A falta de formación e, sobre todo, de profesorado está a provocar problemas para xestionar o aumento de casos de alumnado con problemas desta índole.

A existencia de protocolos vólvese totalmente ineficaz e insuficiente se non existe profesorado para acompañar o alumnado e para actuar en situacións tan delicadas coma estas.

A directora xeral límitase a afirmar que está prevista unha formación específica para “coordinadores/as de benestar” e posteriormente para o profesorado xeral.

A CIG-Ensino lémbrale que formalmente non existen coordinacións de benestar e que está sendo o profesorado con carácter voluntario quen asume funcións de gran responsabilidade que nin lle corresponde nin se lles recoñece de ningún xeito, nin coa necesaria redución horaria nin con carácter retributivo.

A Consellaría non cobre as baixas docentes polo que resta de ano

Desde a CIG-Ensino esiximos que de inmediato se comece a chamar o persoal substituto para cubrir todas as vacantes de aquí ao 22 de decembro. O goberno do Partido Popular volve deixar claro que a calidade do sistema educativo galego e os dereitos laborais do profesorado non son algo do seu interese, e que a educación é un gasto que hai que cadrar.

A 13 de decembro, e unha vez que a Consellaría borrou todas as baixas inferiores a 15 días, atopámonos con **33 baixas sen cubrir**, 11 de Ensino

Secundario, 14 de Primaria, 7 de Formación Profesional e 1 das Escolas Oficiais de Idiomas. Entre as prazas non cubertas hai baixas de profesorado que imparte en segundo de bacharelato, o que vai supoñer un trastorno para un alumnado que se vai ter que enfrontar á ABAU.

A esta situación súmase que xa nas semanas anteriores, debido aos festivos do martes 6 e xoves 8, os chamamentos non foron normais e se procedeu ao borrado de moitas baixas.

Licenzas por formación

Queremos saber se hai novidades ao respecto da convocatoria das licenzas que non se ofertaron en tempo e forma para este curso académico, despois de que non se convocaran xa durante o primeiro curso da pandemia.

O director xeral informa da previsión de que se publicarían en xaneiro.

Queixas do profesorado de Infantil pola aplicación PROENS

A CIG-Ensino recibiu unha resposta por parte da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa sobre a absoluta falta de adaptación da aplicación PROENS para infantil, nunha crítica que tamén se fai extensíbel a outras etapas educativas como Educación Especial e de Adultos. Foi esta: *“A resposta ás cuestións plantexadas sobre Proens e a súa utilización para a elaboración das programacións da etapa de infantil, comunicamos que esta resposta está incorporada ao Documento de Axuda que figura na pantalla de inicio de Proens e é accesible para toda persoa usuaria”.*

A CIG-Ensino considera totalmente insuficiente esta resposta e advirte de novo á Dirección Xeral de que debe reformarse e adaptarse esta ferramenta informática a todos os niveis e etapas educativas (Infantil, Educación Especial, Educación de persoas adultas...) **A directora xeral límitase a dicir que PROENS está en permanente revisión e que a mellorarán.**